<p>Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.</p> <p>Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico en soldadura e caldeiraría.</p> <p>Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.</p> <p>Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico en soldadura e caldeiraría.</p> <p>Definición e análise do sector profesional do título de técnico en soldadura e caldeiraría.</p> <p>Proceso de toma de decisións.</p> <p>Proceso de procura de emprego no sector de actividade.</p> <p>Técnicas e instrumentos de procura de emprego.</p>

#### 4.12.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A busca de emprego. O emprego en Europa. - Onde buscar emprego en España e Europa. O autoemprego. A OPE, persoal das Administracións e métodos de selección.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación / Introducción da unidade didáctica. Tormenta de ideas.</li> <li>• Exposición e explicación dos contidos partindo dun caso práctico ou situación real, sempre que sexa posible.</li> <li>• Guiar a busca de información en internet.</li> <li>• Seguimento de traballos e exercicios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cuestións teóricas. Resolución e exposición de casos prácticos.Exercicios de autoavaliación.</li> <li>• Busca autónoma de información nas webs, portales de emprego: SPEE, red eures, Etts. Protocolo.org¿</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecer as fontes de información sobre o mercado laboral e as profesións emerxentes en cada momento.</li> <li>• Ver ofertas e condicións de vida e traballo na U.E.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• MATERIAS: Libro de texto de FOL recomendado Edit. Editex ou outros. Apuntamentos. Boletíns oficiais. Guía laboral do Ministerio de Trabajo. Publicacións en prensa. ESPAZOS: Aula polivalente con computadora, canón ou encerado dixital. Aula de informática con acceso a internet.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• OU.1 - Traballo Práctico</li> <li>• PE.1 - Conceptos</li> <li>• PE.2 - Conceptos</li> <li>• PE.3 - Conceptos</li> </ul>	4,0
Carta de Presentación e Currículum Vitae. - Elaboración e presentación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Exposición e explicación dos contidos partindo dun caso práctico ou situación real, sempre que sexa posible.</li> <li>• Guiar a busca de información en internet.</li> <li>• Seguimento de traballos e exercicios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cuestións teóricas. Resolución e exposición de casos prácticos.Exercicios de autoavaliación.</li> <li>• Elaboración de Carta de Presentación e do Currículum Vitae para un posto relacionado co ciclo formativo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Redactar cartas de presentación adecuadas a diferentes postos.</li> <li>• Redacción e adecuada presentación do Currículum Vitae e Currículum Vitae Europeo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• MATERIAS: Libro de texto de FOL recomendado Edit. Editex ou outros. Apuntamentos. Boletíns oficiais. Guía laboral do Ministerio de Trabajo. Publicacións en prensa. ESPAZOS: Aula polivalente con computadora, canón ou encerado dixital. Aula de informática con acceso a internet.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• OU.2 - Traballos prácticos</li> <li>• OU.3 - Traballos Prácticos</li> <li>• OU.4 - Traballos Prácticos</li> <li>• PE.3 - Conceptos</li> </ul>	4,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A selección de persoal. A entrevista. - Probas de selección. Tipos de entrevistas e preparación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exposición e explicación dos contidos partindo dun caso práctico ou situación real, sempre que sexa posible.</li> <li>Guiar a busca de información en internet.</li> <li>Seguimento de traballos e exercicios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestións teóricas. Resolución e exposición de casos prácticos. Exercicios de autoavaliación.</li> <li>Simulación de unha entrevista.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Saber como preparar e arreglarse para acudir a unha entrevista de traballo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MATERIAS: Libro de texto de FOL recomendado Edit. Editex ou outros. Apuntamentos. Boletíns oficiais. Guía laboral do Ministerio de Traballo. Publicacións en prensa. ESPAZOS: Aula polivalente con computadora, canón ou encerado dixital. Aula de informática con acceso a internet.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.5 - Traballo práctico</li> <li>OU.6 - Traballo práctico</li> <li>PE.3 - Conceptos</li> </ul>	2,0
<b>TOTAL</b>						<b>10,0</b>

#### 4.13.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
13	OS EQUIPOS DE TRABAJO	4

#### 4.13.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	NO

#### 4.13.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os equipos de traballo que poden formarse nunha situación real de traballo. 1.2 Determinar as características de traballo eficaz fronte os equipos ineficaces. 1.3 Valorar as vantaxes do traballo en equipo no caso dos Ciclos Formativos.	1	O grupo e o equipo de traballo	2,0
2.1 Empregar axeitadamente as técnicas de comunicación. 2.2 Analizar os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros. 2.3 Comprender a necesidade de avaliar o rendemento dun equipo para mellorar a súa actuación.	2	As reunións de traballo. Técnicas de dinámica de grupos.	2,0
<b>TOTAL</b>			<b>4</b>

#### 4.13.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícanse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico en soldadura e caldeiraría e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.	● PE.1 - Conceptos	S	17
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.	● PE.2 - Conceptos	N	17
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.	● PE.3 - Conceptos	N	16
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.	● PE.4 - Conceptos	S	17
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.	● OU.1 - Traballos Prácticos	N	17
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.	● OU.2 - Traballo práctico	N	16
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

#### 4.13.e) Contidos

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.

Contidos
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
Equipos no sector da soldadura e caldeiraría segundo as funcións que desempeñen.
Dinámicas de grupo.
Equipos de traballo eficaces e eficientes.
Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.

**4.13.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O grupo e o equipo de traballo - Ventaxas e inconvenientes do traballo en equipo. Equipos eficientes.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Presentación / Introducción da unidade didáctica. Tormenta de ideas.</li> <li>Exposición e explicación dos contidos partindo dun caso práctico ou situación real, sempre que sexa posible.</li> <li>Seguimento de traballos e exercicios.</li> <li>Elaboración de casos prácticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestións teóricas. Resolución e exposición de casos prácticos.Exercicios de autoavaliación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Diferenciar entre grupo e equipo de traballo.</li> <li>Recoñecer as etapas da formación dun equipo, as características dos equipos eficaces e eficientes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MATERIAS: Libro de texto de FOL recomendado Edit. Editex ou outros. Apuntamentos. Publicacións en prensa. ESPAZOS: Aula polivalente con computadora, canón ou encerado dixital. Aula de informática con acceso a internet.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Conceptos</li> <li>PE.2 - Conceptos</li> <li>PE.3 - Conceptos</li> </ul>	2,0
As reunións de traballo. Técnicas de dinámica de grupos. - Preparación e desenvolvemento. Casos prácticos resoltos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exposición e explicación dos contidos partindo dun caso práctico ou situación real, sempre que sexa posible.</li> <li>Seguimento de traballos e exercicios.</li> <li>Elaboración de casos prácticos para empregar técnicas de dinámicas de grupo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestións teóricas. Resolución e exposición de casos prácticos, empregando técnicas de dinámica de grupos.Exercicios de autoavaliación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Saber organizar e dirixir unha reunión e empregar as técnicas de dinámica de grupos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MATERIAS: Libro de texto de FOL recomendado Edit. Editex ou outros. Apuntamentos. Publicacións en prensa. ESPAZOS: Aula polivalente con computadora, canón ou encerado dixital. Aula de informática con acceso a internet.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.1 - Traballos Prácticos</li> <li>OU.2 - Traballo práctico</li> <li>PE.4 - Conceptos</li> </ul>	2,0
<b>TOTAL</b>						<b>4,0</b>



#### 4.14.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
14	XESTIÓN DE CONFLICTOS	4

#### 4.14.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	NO

#### 4.14.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Definir o conflito e determinar cáles son as súas características, causas e tipos. 1.2 Identificar os tipos de conflito	1	O conflito	2,0
2.2 Valorar a diversidade de opinións como fonte de enriquecemento, recoñecendo outras prácticas, ideas ou crenzas, para resolver problemas e tomar decisións e determinar procedementos para a resolución ou supresión dun conflito: mediación, conciliación e arbitraje. 2.1 Recoñecer que a existencia de conflito entre os membros dun grupo é un aspecto básico das negociacións na empresa.	2	A negociación	2,0
<b>TOTAL</b>			<b>4</b>

#### 4.14.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.	• OU.1 - Traballos prácticos	N	100
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

#### 4.14.e) Contidos

Contidos
Conflito: características, tipos, causas e etapas.
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

#### 4.14.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos			
Actividade (título e descrición)				Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O conflito - Tipos, desenvolvemento, orixe e consecuencias.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación / Introducción da unidade didáctica. Tormenta de ideas.</li> <li>• Exposición e explicación dos contidos partindo dun caso práctico ou situación real, sempre que sexa posible.</li> <li>• Guiar a busca de información en internet.</li> <li>• Seguimento de traballos e exercicios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cuestións teóricas. Resolución e exposición de casos prácticos.Exercicios de autoavaliación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificar os factores que poden xerar conflito e empre-gar métodos de resolución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• MATERIAS: Libro de texto de FOL recomendado Edit. Editex ou outros. Apuntamentos. Publicacións en prensa. ESPAZOS: Aula polivalente con computadora, canón ou encerado dixital. Aula de informática con acceso a internet.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• OU.1 - Traballos prácticos</li> </ul>	2,0
A negociación - Tipos e desenvolvemento. O plan de negociación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Exposición e explicación dos contidos partindo dun caso práctico ou situación real, sempre que sexa posible.</li> <li>• Guiar a busca de información en internet.</li> <li>• Seguimento de traballos e exercicios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cuestións teóricas. Resolución e exposición de casos prácticos.Exercicios de autoavaliación.</li> <li>• Desenvolvemento dunha negociación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecer tácticas, pautas e fases da negociación co fin de interaccionar coas partes que intentan solventar un conflito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• MATERIAS: Libro de texto de FOL recomendado Edit. Editex ou outros. Apuntamentos. Publicacións en prensa. ESPAZOS: Aula polivalente con computadora, canón ou encerado dixital. Aula de informática con acceso a internet.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• OU.1 - Traballos prácticos</li> </ul>	2,0
<b>TOTAL</b>						<b>4,0</b>

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

O módulo formativo de Formación e orientación laboral consta de 3 avaliacións que deberán ser superadas positivamente. Cada avaliación será avaliada da seguinte forma:

- o O curso estará distribuído en tres períodos avaliativos, ao final de cada un deles emitirase unha cualificación correspondente.
- o A cualificación estará comprendida entre 1 e 10 puntos, a puntuación mínima para superar o módulo é de 5 puntos en cada unha das avaliacións.
- o Farase UNHA proba escrita de carácter teórico-práctico por avaliación que terá un valor do 40% da cualificación, o 50% será a media dos traballos obrigatorios que deberá ir entregando o alumnado en cada avaliación en prazo e forma e o 10% restante corresponderá á implicación amosada polo alumnado na materia reflectida en táboas de observación e listas de cotexo.
- o Esixirase obter unha nota mínima de 4 puntos na proba escrita de cada avaliación para poder facer media cos outros criterios de cualificación.
- o Nas probas escritas aparecerá ao lado de cada cuestión a súa cualificación de xeito que facilite o desenvolvemento da proba para o alumnado.
- o Os traballos prácticos terán que estar todos entregados e cualificados cada un deles cunha nota mínima de 5 puntos.
- o Os traballos prácticos non superados poderán ser repetidos, non obstante, a nota nunca será superior a 5 puntos.
- o Se durante a realización dunha proba escrita algún alumno copia esa proba será cualificada con 0 puntos.
- o Do mesmo xeito se na entrega ou na presentación dos traballos prácticos detéctase copia, eses traballos serán cualificados con 0 puntos.
- o O alumno que por algunha causa non xustificada convenientemente non asista a realización dun exame, cualificaráselle ese exame con 0 ptos.
- o O alumno que por causa xustificada non poida realizar unha proba escrita, terá que realizala noutra data consensuada co profesor.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Se ao remate da terceira avaliación o alumnado non acadou unha cualificación positiva deseñárase un proceso de recuperación individualizado no que deberá superar unha proba escrita de ser o caso, presentación dos traballos prácticos non superados de ser o caso ou ambas dúas cunha ponderación de 50% e 50% respectivamente. A nota mínima da proba escrita terá que ser superior a 4 e todos os traballos prácticos esixidos deberán ser entregados e cualificados como mínimo cunha nota de 5 puntos.

Para o alumnado que promociona sen ter superado o módulo deseñárase tamén un proceso de recuperación que se iniciará coa entrega do informe individualizado, continuará ao comezo do curso seguinte co plan de recuperación onde consta os contidos mínimos esixibles, os traballos prácticos que debe entregar, e a data da proba escrita final. Para superar o módulo aplicarase a ponderación 50% proba escrita e 50% traballos prácticos

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

No mes de xuño, haberá unha proba escrita extraordinaria para o alumnado que perdeu o dereito a avaliación continua. Dita proba contará con cuestións teóricas e exercicios prácticos que abarcarán unha mostra representativa de todos os contidos do currículo, ao lado de cada cuestión aparecerá a súa cualificación de xeito que facilite o desenvolvemento da proba para o alumnado. Para superar o módulo, este alumnado deberá acadar como mínimo 5 puntos nesta proba.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

No Departamento didáctico, mensualmente, tense a oportunidade de avaliar o proceso de ensino. Ademais deste momento mensual de avaliación da nosa práctica, existe outro trimestral e anual. Mensualmente, cando se revisa a programación, realizamos un balance dos obxectivos e contidos que logramos, e con iso, podemos introducir as modificacións oportunas no seguinte trimestre. E ao final de curso, este balance realízase en relación co conseguido en todo o curso dentro do marco da "Memoria Final de Curso".

Agora ben, independentemente do momento en que avaliemos, os aspectos nos que nos habemos de centrar son:

·No que respecta aos obxectivos: Chegamos a un acordo acerca dos obxectivos de cada nivel? Están secuenciados con respecto aos de niveis anteriores? Concretáronse o suficiente para poder orientar a nosa intervención educativa? Fan referencia ás capacidades coas que a nosa materia se relaciona?.

·No referido aos contidos: Están secuenciados con respecto aos previstos nos niveis inferiores ao que nos encontramos? Explicita se os "mínimos esixibles" para este nivel? Relaciónáronse de forma natural cos temas de carácter transversal (educación en valores, cultura galega, fomento da lectura, e TIC) e cos intereses e vida cotiá do alumnado? Planificáronse as relacións dos contidos desta materia cos doutras materias que cursa o alumnado neste nivel, para dotar de sentido global e funcionalidade ás aprendizaxes?.

·No relativo á metodoloxía: Prevíronse axudas pedagóxicas dentro das explicacións? Os materiais curriculares que serven de apoio a esta Programación foron valorados e seleccionados nos seus aspectos técnico, curricular e de educación en valores? Foron adecuados os espazos previstos? Equilibrouse o uso dos distintos tipos de agrupamentos nas actividades: gran grupo, pequenos grupos, parellas e individualmente?.

·No relacionado coa avaliación: Explicáronse correctamente os criterios de avaliación e o grao mínimo en que hai que logralos? As técnicas e instrumentos de avaliación facilitaron abundante información sobre o que aprendeu cada alumno e alumna? Definíronse correctamente os criterios de cualificación e comunicáronse ao alumnado? Realizouse un axeitado seguimento do alumnado coa nosa materia pendente en niveis anteriores ao que impartimos e do alumnado que repite curso?.

·E no que se refire á atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo: Coordináronse as medidas educativas que precisan coa Programación de Aula en canto a elementos organizativos (espazos, tempos, materiais, agrupamentos, etc) e en canto a elementos curriculares (obxectivos didácticos, contidos, explicacións, actividades, procedementos de avaliación)?.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial realízase, ó longo do primeiro mes de curso ou ó comezo dunha nova unidade didáctica, a través da observación, seguimento e probas orais ou escritas faremos unha exploración inicial que nos aporta datos referidos a aptitudes e intereses do alumno. Este coñecemento permítenos orientar o proceso de aprendizaxe as necesidades dos alumnos e decidir o tipo de axuda ou reforzo mais adecuado.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O recoñecemento das diversidades existentes (capacidade, motivación, interese, estilos de aprendizaxe, ritmos, valores culturais ...) constitúen o punto do que partimos para evitar que as diferenzas se convertan en desigualdades e desventaxes entre o alumnado. Este obxectivo só é alcanzable se a aula ordinaria se converte nun referente básico e o titor no eixe principal da resposta educativa á diversidade e, singularmente, aos alumnos con necesidades especiais. A responsabilidade non debe desplazarse do titor aos distintos profesionais, polo contrario, éstos deben colaborar con aquél, de acordo coa proposta curricular, nun auténtico traballo interdisciplinar e de equipo. Para acadar este obxectivo tomaremos as seguintes medidas de reforzo:

- Agrupamento de alumnos.
- Traballos de ampliación de coñecementos adicionais para os mais avanzados.
- Apoio por parte do profesor para os alumnos con dificultades.
- Os alumnos mais avanzados axudarán os compañeiros con dificultades de aprendizaxe.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A LOE contempla na súa relación de principios da educación, a transmisión daqueles valores que favorecen a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, que constitúen a base da vida en común. Con esta referencia legal, debemos programar unha serie de temas e contidos a traballar de forma transversal a medida que imos abordando as distintas unidades didácticas do módulo. Deste xeito, procuraremos destacar uns determinados valores de forma simultánea a transmisión de coñecementos. Con cada unha das conmemoracións establecidas no Calendario Escolar, o profesor ou profesora, poderá programar puntualmente actividades, temas ou charlas que, en colaboración coas establecidas pola Dirección do Instituto, contribúan a lograr os obxectivos marcados en relación coas mesmas. Prestarase especial atención á celebración da Constitución, ao Día 1º de Maio, Día do Consumidor, Saúde, Europa, Medio Ambiente e Letras Galegas. Algúns destes valores que deben ser transmitidos de forma transversal:

- Educación ambiental, relacionada ca unidade formativa de saúde laboral (factores de risco físicos, químicos, biolóxicos) xa que é preciso sensibilizar ao alumnado respecto á necesidade de empregar materiais e sistemas inocuos, de cara á favorecer unha protección do medio e un aumento nos niveis de calidade e seguridade.
- Educación na Prevención de Accidentes, vinculado co tema de sinalización e prevención de accidentes de tr-ballo. Aproveitaremos este contido curricular para poñer énfase na importancia de previr accidentes de todo tipo, xa non laborais senón tamén domésticos e de tráfico.
- Educación para a Saúde, presente en toda a unidade formativa de saúde laboral, especialmente nos temas de prevención de riscos e tamén no de primeiros auxilios. De novo, extrapolaremos este contido á vida non laboral: importancia dunha dieta sana e equilibrada, valoración positiva do exercicio físico e do deporte, potenciación da protección ante as enfermidades de transmisión sexual, embarazos non desexados, tabaquismo, etc;
- Igualdade de oportunidades / Rexeitamento do Sexismo / Multiculturalidade: a igualdade no acceso ao emprego e durante a súa realización é un contido curricular do módulo. Sen embargo, débese fomentar unha posición actitudinal axeitada, ao longo de todo o curso, transmitindo a importancia de respectar ao outro con independencia da súa orixe, sexo, raza, orientación sexual, ideoloxía, relixión, etc; Así como valorar a diversidade cultural e humana como fonte de riqueza e non de conflito.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

En función dos recursos económicos dispoñibles no Centro en xeral, e no departamento de Fabricación Mecánica en particular, que poidan destinarse á realización de actividades extraescolares e complementarias, se programarán algunhas visitas a empresas do sector próximas para que os alumnos e alumnas se fagan unha idea da actividade tecnolóxica do seu entorno. Tamén se valorará a posibilidade de realizar charlas dentro do centro, por parte de provedores, empresas, organizacións, ... etc.

As actividades complementarias e extraescolares orientaranse de forma que favorecerán o desenrolo dos contidos educativos.

## 10. Outros apartados

### 10.1) ACLARACIÓNS SOBRE INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

No que se refire as PROBAS ESCRITAS, éstas se poderán subdividir en:

**PREGUNTAS CURTAS:** Caracterizadas pola brevidade no enunciado e na resposta. O uso destas probas centrarase preferentemente na recollida da información que podan aportar. Con este criterio poden ser válidas a maioría das que actualmente están en uso, tales como:

- Preguntas de resposta curta: Nelas o alumno debe aportar unha información moi concreta e específica que poderá resumirse nunha frase, un dato, unha palabra, un signo, unha fórmula, etc., evidentemente referidos a cuestións de certa relevancia.
- Preguntas de texto incompleto: As respostas quedan intercaladas no texto que se lles presenta ós alumnos (que deberá ser un enunciado verdadeiro ó que lle falten algunhas palabras). Son particularmente adecuadas para valorar o recordatorio de feitos, o dominio dunha terminoloxía exacta, o coñecemento de principios básicos, etc.
- Preguntas de correspondencia ou emparellamento: Consisten en presentar dúas listas (A e B) con palabras ou frases breves dispostas verticalmente para que os alumnos establezan as relacións que consideren adecuadas entre cada palabra da columna A coa correspondente da B. Inclúese en cada ítem un número desigual de elementos entre as columnas A e B para evitar que se establezan relacións por eliminación. Están indicadas para tarefas de memorización, discriminación e coñecemento de feitos concretos.
- Preguntas de opción múltiple: Constan dun tronco ou base no que se fundamenta o problema, e un número indeterminado de respostas opcionais das cales unha é a correcta e as demais son "distraccións". Son recomendables para valorar tarefas de comprensión, aplicación, discriminación de significados, etc.
- Preguntas de verdadeiro - falso: Son moi coñecidas e habituais. Poden ser útiles para medir a capacidade de distinción entre feitos e opinións, ou para mellorar a exactitude nas observacións.

**PREGUNTAS LONGAS:** desenvolvemento dun tema, elaboración de esquemas, presentacións, resumos, resolución de exercicios, casos prácticos, supostos de sínteses, mapas conceptuais, etc

## 10.2) Desenvolvemento das ensinanzas a distancia.

De ser o caso de producirse un novo confinamento, as ensinanzas poden pasar a ser a distancia ou semipresenciais. De producirse este feito, a programación e os criterios de cualificación/recuperación poderán sufrir modificacións segundo as indicacións das autoridades educativas.

En previsión de que se produza este novo confinamento, darase preferencia cronolóxica a impartición dos contidos que permitan ao alumnado acadar as destrezas prácticas mínimas necesarias a desenvolver no seu posto de traballo. Deixando os contidos eminentemente teóricos do currículo sen impartir en previsión de este confinamento.

### 10.3.1. Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

A metodoloxía a seguir para a distribución dos contidos teóricos das distintas unidades, tanto de repaso ou ampliación impartidos durante as distintas avaliacións desenrolarase mediante o envío de material teórico relacionado cas distintas unidades da programación en formato PDF a través da aula virtual do centro e unhas actividades de autoavaliación, que serán revisadas polo profesor.

Todas as tarefas serán deseñadas para que se poidan seguir a través do teléfono móbil sen necesidade de ordenador nin impresora. Para o alumnado sen conectividade poderase facer chegar (previa solicitude) as tarefas en papel a través da dirección do centro, recolléndooas en canto as circunstancias o permitan ou remitíndoas por correo postal o centro.

### 10.3.2 Información o alumnado e ás familias

Para informar o alumnado, o profesor empregará o canal de telegram creado a principios de curso con esta finalidade, o Aula virtual do centro.

No caso que algún alumno ou alumna non poida ser contactado por este medio, poderá ser contactado por correo electrónico, postal ou telefónico a través do titor do ciclo. E responsabilidade do alumnado poñer todos os medios dispoñibles para facilitar o contacto co profesor.

Un alumno ou alumna que reporte problemas de conectividade, deberá contactar coa dirección do centro educativo, co fin de solventar a situación, ben a través de documentación en papel ou cesión de equipos informáticos.

#### 10.3.3. Materiais e recursos

Para a impartición dos contidos faremos uso de material de elaboración propia, libros das materias en formato dixital, vídeos en youtube , páxinas web de acceso público. Vídeo-conferencia WEBEX, sempre e cando as condicións de conectividade do alumnado o permitan. Para o seguimento das actividades lectivas telemáticas podería ser suficiente cun teléfono móbil con conexión de datos.

### 10.3) Criterios de cualificación nun escenario de educación a distancia

En principio, para acadar promoción a segundo curso, todas as destrezas prácticas considerados obxectivos mínimos e indicados nesta programación deben estar superados.

Para acadar a avaliación positiva, o alumno debe obter unha puntuación mínima de cinco puntos, resultado de realizar a media de porcentaxes das unidades didácticas (UDs) impartidas durante o período de confinamento.

Teremos dous tipos de probas: probas puramente teóricas (50%) e exercicios prácticos/desenrollos (50%). A parte das probas teóricas fará media aritmética coa parte dos exercicios, sendo esta última a nota final de cada avaliación.

As probas teóricas consistirán na realización dun exame teórico a través da aula virtual do centro dos contidos impartidos en cada avaliación, capacitando o alumno nos resultados de aprendizaxe teóricos do módulo. Estas probas teóricas tamén poderán ser orais ou escritas a través de video conferencia. A cualificación destas probas será de 1 sobre 10 e o alumno será informado da puntuación de cada cuestión antes de resolvela. As probas prácticas consistirán nun ou mais exercicios/desenrollos/traballos, que se puntuarán de 0 a 10 puntos. Cada proba contará para a nota da parte práctica dacordo coa súa complexidade. O alumno deberá acadar unha nota superior a cinco para superar esta parte, e unha nota superior a catro para que faga media coa parte teórica. Cunha nota inferior a catro non se fai media coa parte teórica, e a nota final da avaliación é a mais baixa das dúas partes. Todas as actividades deberán ser entregadas en tempo e forma para que contén positivamente.

No caso dun alumno que perdera a avaliación continua antes de que se estableza o confinamento, estes criterios non son válidos e deberá presentarse a unha proba final.

### 10.4) Procedemento para a recuperación nun escenario de educación a distancia

#### 10.5.1. Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os alumnos unicamente poderán recuperar de forma autónoma aquelas actividades ou traballos teórico prácticos que pola súa composición poidan ser realizados por calquera alumno fora de horas de clase.

Antes do remate do curso escolar farase unha proba obxectiva teórica ou práctica ou ámbalas dúas de cada unha das partes non superadas polo alumno durante o curso (nota inferior a 5 puntos). As probas a realizar na recuperación serán similares ás da avaliación.

A proba consistirá na realización dun exame teórico a través da aula virtual do centro dos contidos impartidos na primeira, segunda e terceira avaliación, capacitando o alumno nos resultados de aprendizaxe teóricos do módulo.

A data de realización do exame por parte do alumnado será publicada coa suficiente antelación no taboleiro de anuncios, na páxina web e/ou na aula virtual do centro educativo.

#### 10.5.2. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Aquel alumnado que supere o límite de faltas de asistencia establecido na normativa aplicable en cada caso, perderá o dereito a ser avaliado en

cada trimestre e terá que facer unha proba extraordinaria o final da terceira avaliación, para superar este módulo. A proba de avaliación extraordinaria variará en función se hai unha volta as aulas ou non.

A proba consistirá na realización dun exame teórico a través da aula virtual do centro dos contidos impartidos na primeira, segunda e terceira avaliación, capacitando o alumno nos resultados de aprendizaxe teóricos do módulo quedando pendente os resultados de aprendizaxe relacionados coa práctica de taller que poderán ser incorporados como actividade de formación ou nun módulo profesional a realizar no segundo curso

A data de realización do exame por parte do alumnado será publicada coa suficiente antelación no taboleiro de anuncios, na páxina web e/ou na aula virtual do centro educativo.

No caso de vola a ensinanza presencial, todas as probas poderán ser presenciais en vez de no aula virtual.